



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Edificio Administrativo de San
Caetano Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
web: <http://www.cultura.gal/>



MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BARRO PARA A INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BARRO NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Descrición da operación:

A formalización do convenio que ten por obxecto a inclusión da Biblioteca Pública Municipal de Barro na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

Obxectivo do convenio:

A integración do centro bibliotecario municipal de Barro na Rede de bibliotecas de Galicia para que a totalidade dos centros bibliotecarios municipais activos que prestan servizo en Galicia, estean integrados na Rede.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos:

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Xustificación da necesidade de asinar o convenio:

Por parte da Consellería de Cultura e Turismo maniféstase o especial interese en asinar este convenio co obxecto de formalizar o compromiso de integración do centro bibliotecario municipal do concello de Barro na Rede de Bibliotecas de Galicia para que a totalidade dos centros bibliotecarios municipais activos que, neste momento, prestan servizo en Galicia, estean integrados na Rede. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas públicas municipais de Galicia que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder ás axudas públicas que convoca a Consellería de Cultura e Turismo anualmente así como a todos os demais recursos que lle ofrece a administración autonómica á local neste ámbito.



Xacobeo 2021





Pola súa parte, o concello pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario municipal e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

O concello comprométese a dotar ao centro bibliotecario do orzamento suficiente para o seu funcionamento, dotalo do persoal adecuado e colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal, fomentar a participación da biblioteca na Rede e nos programas que nesta se establezan, participar nos programas de préstamo interbibliotecario e colaborar na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego.

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a prestar apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios de calidade, dotar ao servizo municipal co Sistema Integrado de xestión Bibliotecaria así como co resto de actividades, recursos e medios que poña ao dispor para a execución das competencias que lle son propias como centro coordinador da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Fundamento normativo:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Artigo 81 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Edificio Administrativo de San
Caetano Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
web: <http://www.cultura.gal/>



- Orde do 23 de xuño de 2020 pola que se resolve a integración da Biblioteca Pública Municipal de Barro na Rede de Bibliotecas de Galicia.. (DOG núm.133, do 6 de xullo). Procedemento CT230B.

Polo tanto, **trátase dun convenio que non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros.**

Santiago de Compostela

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo Manuel Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

